

De: Conselle ría do Medio Rural e do Mar

Asunto: Nota informativa - Confrarías de pescadores de Galicia - Mandato 2014 a 2018

En relación coas dúbidas presentadas pola Federación Galega de confrarías, a fin de clarexar as mesmas danse as seguintes indicacións:

1. O acto de toma de posesión é persoal e indelegable. As persoas que non tomen posesión non votarán nin poden ser elixidas para patrón/patroa maior, vicepatróns/vicepatroas e membros do cabido.

2. Todos/as os/as vogais presentes na sesión de constitución da xunta xeral votarán para a elección do/a Patrón/Patroa Maior.

- Unha vez elixida a persoa que ocupe este órgano reitor, tomará posesión a seguinte persoa máis votada polo colectivo e sector de produción lle corresponda.

3. Só os vogais de cada colectivo votan para a elección dos/as vicepatróns/vicepatroas primeiro e segundo, segundo corresponda.

- Dado que xa tivo lugar a incorporación da persoa substituta do patrón maior na xunta xeral, ningunha persoa candidata poderá recibir máis votos que vogais polo seu colectivo formen a xunta xeral. A persoa que ocupa o cargo de patrón patroa maior xa non é vogal da xunta xeral posto que foi substituído/a polo seu/súa suplente.

4. Entre os/as vogais de cada de cada colectivo e sector de produción votárase só aos/as candidatos/as ao CABIDO, seguindo o establecido en cadanse PLAN ELECTORAL ratificado pola CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR. Debe respectarse o contido do plan electoral ratificado e a exposición pública nos locais da confraría.

5. Os/as vicepatróns/vicepatroas alcanzan praza no cabido no momento da súa elección; en consecuencia soamente se votará para as prazas restantes.